



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | 2021/22 | |
| Asignatura (*) | Función titorial e orientación académica | Código | 652601002 | |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 2 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación | | | |
| Coordinación | Rebollo Quintela, Nuria | Correo electrónico | nuria.rebollo@udc.es | |
| Profesorado | Pérez Crego, María Cristina | Correo electrónico | cristina.pcrego@udc.es | |
| | Rebollo Quintela, Nuria | | nuria.rebollo@udc.es | |
| | Rodicio Garcia, Maria Luisa | | m.rodicio@udc.es | |
| Web | https://guiadocente.udc.es/docencia/professor/ | | | |
| Descrición xeral | Esta materia aborda a orixe e os principios da orientación e da titoría, así como as funcións e as actividades titoriais a desempeñar, xunto cas situacións específicas da titoría. Así mesmo, ofrece mecanismos e estratexias para a planificación da acción titorial. | | | |
| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos Non procede 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Todas, coa única modificación de que se pasa a unha docencia online, a través das plataformas da UDC. *Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Preferentemente a través de correo electrónico, Campus Virtual e plataforma de teleformación. Realizarase a petición do alumnado alomenos unha vez á semana. 4. Modificacións na avaliación Ningunha *Observacións de avaliación: Se realizará de xeito online, si é preciso 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Ningunha | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|------------------------|
| Código | Competencias do título |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---------------------------|------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título |



| | | |
|--|---|--------------------------|
| Distinguir e aplicar os diferentes recursos e estratexias para a acción titorial. | AP5 AP7 AP9 AP12 AP26 AP30 AP34 | CM1 CM3 CM4 CM7 |
| Tranferir o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse, aplicando os principios éticos á práctica profesional e persoal | AP26 AP34 | CM1 CM3 CM4 CM7 |
| Participar no deseño, implantación, seguemento e avaliación do plan de acción titorial (PAT) do centro, poñendo en práctica as competencias sociais para traballar en equipo e salvaguardar os obstáculos que vaian xurdindo | AP7 AP9 AP34 | CM1 CM3 CM4 CM7 |
| Enumerar as funcións do titor en relación ao alumnado, familias e resto do profesorado e analizar o que isto conleva. | AP5 AP10 AP37 | CM1 CM4 CM7 |
| Definir a orientación e a titoría e as súas relacións, así como describir e identificar o modelo institucional galego de orientación. | AP5 AP9 AP10 AP37 | CM1 CM3 CM7 |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| Titoría e orientación | Aproximación conceptual e relacións |
| O modelo institucional galego de orientación | Aspectos organizativos e funcionais dos servizos de orientación |
| Funcións e actividades titoriais | * Cos estudantes * Coas familias * Cos compañeiros |
| Planificación da acción titorial | O Plan de Acción Titorial (PAT) |
| A titoría en situacións específicas | * No módulo de formación en centros de traballo. * Nos programas de cualificación profesional inicial. * Nos programas de diversificación curricular. |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|---------------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Análise de fontes documentais | A5 A30 A37 | 1 | 8 | 9 |
| Portafolios do alumno | A5 A7 A9 A10 A26 C1 C3 C4 C7 | 1 | 11 | 12 |
| Proba mixta | A5 A7 A9 A10 A30 A34 A37 | 1 | 5 | 6 |
| Simulación | A7 A12 A34 A37 C1 C3 C4 C7 | 2 | 5 | 7 |
| Sesión maxistral | A5 A7 A9 A10 A30 A34 C4 | 3 | 0 | 3 |
| Aprendizaxe colaborativa | A7 C1 C3 C4 | 5 | 7 | 12 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Análise de fontes documentais | Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como sínteses de contidos de carácter teórico ou práctico. |
| Portafolios do alumno | É un cartafol ou archivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que permite visualizar o progreso do alumno. O portafolio ou cartafol inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoevaluacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc. |
| Proba mixta | Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. |
| Simulación | Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe. Exponse ao alumnado ante condicións hipotéticas nas que se pon a proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase polo tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación. |
| Sesión maxistral | Exposición oral complementada con el uso de medios audiovisuales y la introducción de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. |
| Aprendizaxe colaborativa | Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e o dos outros membros do grupo. |

| Atención personalizada | |
|-------------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Portafolios do alumno Simulación | Se precisará un seguimento persoal do traballo desenrolado no marco do portafolios xa que será unha peza clave na avaliación final. Así mesmo, se traballará de xeito directo cos pequenos grupos que se formen para desenvolver os traballos propostos. Como mecanismos de atención personalizada ao alumnado, se empregará preferentemente o de correo electrónico, Campus Virtual e a plataforma de teleformación. |

| Avaliación | | | |
|--------------|--------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |



| | | | |
|-----------------------|---------------------------------|---|----|
| Portafolios do alumno | A5 A7 A9 A10 A26 C1 C3 C4 C7 | No que se recollerá a actividade realizada, a súa avaliación; así coma as reflexións xeradas no grupo. Ademais cada estudante deberá facer unha avaliación individual da materia e o traballo realizado nela. | 40 |
| Proba mixta | A5 A7 A9 A10 A30 A34 A37 | Que constará de preguntas tipo test de resposta múltiple (o 40% da cualificación da proba) e preguntas de desenvolvemento con resposta breve (60% da proba). | 40 |
| Simulación | A7 A12 A34 A37 C1 C3 C4 C7 | Consistirá na presentación do traballo suxerido mediante un xogo de rol. | 20 |

Observacións avaliación

ALUMNADO ASISTENTE

Para que os estudantes podan ser avaliados segundo a planificación anterior, deben ter unha asistencia ás sesións interactivas, do 80%.

Para superar a materia é obrigatorio aprobar todas as metodoloxías avaliadas:

Na proba mixta é preciso ter a lo menos o 50% de cada unha das dúas partes. No portafolios grupal tamén é necesario acadar como mínimo o 50% da cualificación otorgado. No portafolios, a avaliación pode ser diferente para cada integrante do grupo xa que estará supeditada ao grao de implicación amosado por cada persoa. Na Simulación é obrigatorio acadar polo menos o 50% da cualificación. Deberán participar todos/as os/as integrantes do grupo para poder ser avaliados/as. No caso de non aprobar unha das metodoloxías, a cualificación final da materia será como máximo de 4 puntos.

ALUMNADO CON MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL (DISPENSA ACADÉMICA)

O alumnado que teña recoñecida a dispensa de asistencia pola Comisión Académica do título poderá acollerse á modalidade de avaliación continua ou optar por asistir ao exame final cunha cualificación (cualificación do 100% da nota).

ALUMNADO NON ASISTENTE O ALUMNADO QUE ASISTA A MENOS DUN 80% DAS SESIÓNS INTERACTIVAS, deberá realizar un exame de carácter teórico-práctico que será o 100% da cualificación final. É preciso ter superadas as diferentes partes que compoñan o mesmo.

A segunda oportunidade estará sometida aos mesmos criterios de avaliación que a primeira oportunidade.

Enténdese que o alumnado universitario ten asumidas as capacidades lingüísticas en relación á expresión oral e escrita. Por tanto, é primordial e obrigatorio a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia.

No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 14. 4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".

Fontes de información

